



Teaching Guide				
Identifying Data			2021/22	
Subject (*)	Practicum II		Code	652G03032
Study programme	Grao en Educación Social			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	Fourth	Obligatory	30
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites	Para matricularse no Practicum II é necesario ter superados 120 créditos e mais o Practicum I.			
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicología			
Coordinador	Gómez Sánchez, Tania Fátima	E-mail	tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es	
Lecturers	Arias Rodriguez, Maria Alicia Bueno Aguilar, Juan Jose Cruz Lopez, Laura Cuevas Gonzalez, Lino Manuel Digon Regueiro, Alba Patricia Franco Taboada, Victoria Gómez Sánchez, Tania Fátima Malheiro Gutiérrez, José Manuel Perea Vega, Gustavo Ariel Ríos de Deus, María Paula Rodriguez Romero, Maria del Mar Rouco Ferreiro, Javier Francisco Serantes Pazos, Araceli	E-mail	alicia.arias.rodriguez@udc.es juan.j.buenoa@udc.es laura.cruz@udc.es lino.cuevas@udc.es patricia.digon@udc.es v.franco@udc.es tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es jose.malheirog@udc.es gustavo.perea@udc.es paula.rios.dedeus@udc.es mar.rromero@udc.es javier.rouco@udc.es araceli.serantes.pazos@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum			



General description	CORREO-E: practicum.educacion@udc.es CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE Dos 30 créditos ECTS da materia (750 horas), 370 son de carácter presencial e 380 horas de carácter non-presencial ou de traballo autónomo. Das 370 horas de carácter presencial, 350 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (25 horas semanais), e as 20 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e formativas, así coma titorías na Facultade. O Practicum II constitúe a única materia a cursar no primeiro cuadrimestre do cuarto curso. CONTEXTUALIZACIÓN No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito: ¿Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían ¿reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais). O propósito central da materia denominada Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.
Contingency plan	1. Modifications to the contents 2. Methodologies *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A7	Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.



A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos.
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A12	Mediar en situacións de risco e conflito.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A19	Asesorar e supervisar programas, planos, proxectos e centros socioeducativos.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
A21	Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Familiarizarse cos diferentes contextos profesionais propios da educación social	A1 A5	B3 B5 B6	C1 C4 C7 C8
Identificar e analizar os factores sociais, contextuais e institucionais que afectan aos procesos de acción socioeducativa.	A3 A5 A8 A14 A20 A21	B2 B3 B5 B6	C1 C4 C7 C8
Desenvolver unha disposición favorable ao traballo colaborativo e en equipo en contextos profesionais.	A20	B3 B5 B6	C1 C4 C7 C8



Deseñar, e der ser posible, desenvolver e avaliar proxectos, programas e accións socioeducativa que promovan a participación e o desenvolvemento comunitario	A3	B2	C1
	A5	B3	C4
	A7	B4	C7
	A8	B5	C8
	A9	B6	
	A12		
	A14		
	A19		
	A21		
Identificar as esixencias de formación que require o exercicio profesional	A1	B6	C4
	A3		C7
	A5		C8
	A14		

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Contexto para o que se deseña a proposta socioeducativa.	Estes contidos estarán relacionados e adaptaranse aos seguintes ámbitos:
2. Responsables e grupo destinatario da acción socioeducativa.	
3. Proposta da acción socioeducativa: obxectivos, actuacións, recursos, avaliacións, resultados,...	
4. A Educación Social no ámbito das prácticas.	
	1. Dinamización cultural-ambiental.
	2. Diversidade funcional.
	3. Exclusión-inclusión-servizos sociais.
	4. Maiores.
	5. Menores.
	6. Multiculturalidade-Cooperación-Desenvolvemento.
	7. Políticas de igualdade-Muller.
	8 Saúde-Drogodependencias.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Document analysis	A1 A3 A5	0	35	35
Student portfolio	A14 B1 B2 B5 B6 C1 C8	0	340	340
Events academic / information	A14 B3 B5 B6 C1 C4 C7 C8	5	5	10
Seminar	A14 B1 B3 B5 B6 C1 C4 C7 C8	10	0	10
Field trip	A7 A8 A9 A11 A12 A14 A15 A19 A20 A21 B1 B3 B4 B5 B6 C1	350	0	350
Personalized attention		5	0	5

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Document analysis	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum II dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución socioeducativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención socioeducativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade socioeducativa. O/a Titor/a da Facultade establecerá as lecturas obrigatorias que considere necesarias para o mellor desenvolvemento do Practicum.
Student portfolio	Memoria na que o alumnado rexistra e reflexiona sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante o período de prácticas. Está organizada nos seguintes cinco apartados: Introducción; Deseño da proposta socioeducativa; Diario de Practicum; Referencias; Anexos. O Diario de Practicum recollerá un mínimo de oito entradas organizadas temáticamente. Cada entrada debe contemplar unha descrición detallada e ordenada da situación obxecto de reflexión, unha análise reflexiva da situación descrita fundamentada nos coñecemento teórico-prácticos, conclusións e propostas de mellora. En todo momento garatirase a confidencialidade das persoas implicadas.
Events academic / information	O alumnado asistirán as xornadas formativa do Practicum incluíndo a descrición e valoración das mesmas como unha entrada do Diario. A realización deste evento dependerá da existencia do orzamento necesario.
Seminar	1.Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum. 2.Selección de institución (2 horas). 3.Tres seminarios de tutoría durante o Practicum co profesorado titor da Facultade (6 horas). - Antes de incorporarse á institución de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna. - Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin. -Ao finalizar a estadía na institución, de avaliación e reflexión final do practicum.
Field trip	Constitúen as prácticas pedagóxicas: 350 horas de permanencia na institución socioeducativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións socioeducativas cos profesionais da propia institución, etc. Así mesmo, realízase o deseño dun proxecto de intervención socioeducativa (programación, actividade, plan de mellora, plan de avaliación, etc.) que se desenvolverá e avaliará segundo o determine o titor/a da institución.

Personalized attention

Methodologies	Description
Field trip Student portfolio Seminar	A atención personalizada concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado. A forma e o momento en que se desenvolverá indicaranse para cada actividade ao longo do Practicum II e o plan de traballo. Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de tutorías. O/a Titor/a da UDC realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. O/a Titor/a da UDC manterá unha fluidez comunicativa co titor/a da institución, de maneira que garante o desenvolvemento adecuado do practicum. Un dos contactos coa institución terá obrigatoriamente forma de visita.

Assessment



Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Field trip	A7 A8 A9 A11 A12 A14 A15 A19 A20 A21 B1 B3 B4 B5 B6 C1	O tutor/a da institución colaborará na avaliación, valorando a implicación e a actuación do alumnado.	40
Student portfolio	A14 B1 B2 B5 B6 C1 C8	Os criterios avaliativos serán: - Capacidade de relación teoría-práctica, capacidade para relacionar ideas e accións. - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade de argumentar e fundamentar. - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións. - Capacidade de autoavaliación e autocrítica. - Calidade técnica (formulación clara e operativa dos obxectivos, detalle na descrición da metodoloxía e as accións, coherencia entre a análise da realidade, os obxectivos e as actividades planificadas...) e carácter inclusivo do proxecto socioeducativo. - Orixinalidade e carácter innovador do proxecto de acción socioeducativa.	40
Events academic / information	A14 B3 B5 B6 C1 C4 C7 C8	Avaliarase cos criterios: - Asistencia a todas as sesións - Calidade das achegas á hora de expor contidos nas diferentes sesións así como a pertinencia e madureza das reflexións persoais ao respecto recollidas no Diario.	10
Seminar	A14 B1 B3 B5 B6 C1 C4 C7 C8	Avaliándose cos criterios -Asistencia a todas as sesións -Calidade das achegas á hora de expor dúbidas, expor ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese, etc.	10

Assessment comments

Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar, será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: prácticas socioeducativas e portafolios.2. O portafolios deberá ser subido a Moodle nas datas indicadas.Elementos de avaliación que se poden recuperar na 2ª oportunidade de avaliación (xullo):1. As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida en xuño mantense para xullo. Isto supón que un suspenso en xuño implica a non superación da materia.2. Os seminarios e xornadas non se poden recuperar, polo que a nota en xuño mantense para xullo.3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non o supere en xuño terá ocasión de melloralo en xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos avaliados.Cualificacións:1. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada elemento avaliado, co seu peso respectivo. O profesorado tutor/a da Facultade será o encargado de solicitar a cualificación do centro de prácticas e de realizar as medias correspondentes que serán enviadas ao Decanato.2. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, anota final será a nota de parte non superada.3. Non realizar as prácticas socioeducativas estando matriculado na materia supón un NP.4. Non presentar o portafolios tendo as prácticas socioeducativas superadas supón un suspenso.5. No caso de que os eventos científicos e/ou divulgativos non se realizaran por razóns organizativas do centro o 10% da cualificación asinada a este apartado se sumará ao portafolio. A asistencia e a calidade das achegas a eventos científicos avalíanse conxuntamente, non podendo estar desvinculados un do outro. Para unha avaliación positiva o alumno/a terá que asistir e facer as achegas.

Sources of information

Basic	Cómpre consultar a listaxe das diferentes materias do grao segundo o ámbito elixido e de acordo as indicacións do tutor/a
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before



Subjects that are recommended to be taken simultaneously
Subjects that continue the syllabus
Other comments
1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: 1.1. Realizarase a través da aplicación, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. 1.2. De realizarse en papel, seguindo as indicacións do profesorado tutor de facultade: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado. - Evitarase a impresión de borradores. 2. Débese facer un uso sustentable dos recursos e evitar impactos negativos sobre o medio natural. 3. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. 4. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?). 5. Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. 6. No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero proporanse accións e medidas para corrixilas. 7. Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.
(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.